

# Idear Alemparte

---



# Índice

1. Rastro material	5
2. Idear Alemparte	8
3. Escoitas de Alemparte	12
4. Biografías	24
5. Proposta de mediación	29



1. Rastro material.  
Aprender do lugar

—

*Achegarse a un lugar. Vir de fora.  
Intentar entender unha casa case en ruínas  
da que apenas teño referencias.  
Un lugar onde medraron as árbores e antes  
había horta e viñas.*

*Son necesarias diversas aprendizaxes para  
entender como foi construída; as madeiras  
do tellado apoiadas na pedra, as paredes  
negras do fume da lareira.*

*Limpar coma quen fai arqueoloxía, atopar  
o rastro material, leve, de quen viviu nesta  
casa que debeu ser abandonada hai 50 ou  
60 anos.*

*O muro derrubado. O esforzo de sacar as  
pedras unha a unha da correioira.*

*O achegamento a este fráxil patrimonio  
implica tamén unha reflexión sobre como  
se quebra a cadea de transmisión, como  
perdimos a oportunidade de aprender  
palabras, oficios e miradas.*

*Ao chegar a esta casa pensei o pouco  
que aprendín do meu avó carpinteiro, que  
traballara facendo barcos para Massó, en  
Cangas. El construiu a armadura do tellado  
da casa dos meus pais, pero eu fun unha  
axudante distraída e apenas aprendín as  
palabras ripia ou puntón.*

*Por iso teño a vontade de aprender desta  
casa, destas árbores, recuperar con esforzo  
os coñecementos perdidos.*

*Achegarse a este lugar para reconstruír e  
reconstruírse, buscar unha nova maneira  
de habitar, un cuarto propio.*

–Silvia García.



## 2. Idear Alemparte

---

*Que é?*

*Idear Alemparte é unha proposta cultural organizada por Sara Donoso e Silvia García a través da Asociación Líncora-Alemparte, co apoio do Ministerio de Cultura e Deporte no marco das Ayudas para la promoción del arte contemporáneo español 2022. Este proxecto, que ten vocación de continuidade, busca implicar ao núcleo rural na promoción da arte contemporánea, con especial interese na valoración do traballo feminino, e desenvolveuse no lugar de Alemparte de arriba (Líncora), pertencente ao concello de Chantada e situado na Ribeira Sacra.*

Para a realización desta proposta lanzouse primeiro unha convocatoria pública para levar a cabo unha intervención artística colaborativa no lugar de Alemparte, que implicase a participación da xente local e se enmarcase dentro das liñas de activación e valoración do territorio. A esta convocatoria presentáronse un total de 14 proxectos, resultando seleccionada Ana Abad de Larriva con *Escoitas de Alemparte*.





A actividade foi realizada ao longo do primeiro fin de semana de decembro de 2022 e presentada ao público o domingo 4 de decembro, contando cun roteiro pola antiga vía romana desde a Igrexa de San Pedro de Líncora até Alemparte, no que o pedagogo xubilado da ONCE Xaime Toxo e Loli Docampo explicaron algunhas das pautas para guiar a persoas con discapacidade visual e achegalas a un espazo natural e cultural, mentres Silvia García comentou datos interesantes sobre a toponimia e historia do lugar. Ao chegar a Alemparte, a artista Ana Abad de Larriva presentou o seu proxecto e levou a cabo a intervención performática e sonora *Escoitas de Alemparte*.

A realización deste proxecto supuxo a recollida e posta en valor das voces, historias e memorias que poboaron, e poboan, Alemparte e os seus arredores: os ecos do pasado e os alentos presentes. Facilitou a manifestación de sensacións compartidas, a creación de lazos entre persoas que terminaron por perfilar inquedanzas comúns que, talvez, impulsen a conformación de novos imaxinarios desde os que continuar desvelando o potencial deste pequeno recuncho da Ribeira Sacra.

# 3. Escoitas de Alemparte

---

*Un proxecto de ANA ABAD  
DE LARRIVA*



*Escoitas de Alemparte é unha proposta de arte sonora, realizada a partir da creación dun audio que combina o poético e o documental para conectar co presente e o pasado de Alemparte, pero tamén co seu futuro. Durante varias semanas, Ana Abad de Larriva investigou as historias de Alemparte falando con actuais e antigos habitantes, consultando fotografías e documentación e deixándose levar polas súas propias sensacións para construír un relato onde se abrazan o poético e o simbólico, a realidade e a experimentación: unha cartografía sonora que imprime os matices da paisaxe e o seu influxo sobre a contorna.*



*“Combina o poético e o documental para conectar co presente e o pasado de Alemparte, pero tamén co seu futuro.”*

A peza comprende unha dobre materialización que permitiu o seu desenvolvemento no formato de instalación sonoro-performativa durante a súa presentación habilitando posteriormente a posibilidade dunha escoita intimista, dun percorrido privado e sensorial. Deste xeito, *Escoitas de Alemparte* convida a experimentar o espazo desde un devir de movementos, miradas, murmurios e memorias contidas entre tempos. O audio incorpora voz, música, poesía e sons ambientais xerando un espazo de percepción estético-sensorial á vez que funciona como elemento documental da historia e contexto do lugar.






Roteiro pola antiga vía romana desde a Igrexa de San Pedro de Líncora até Alemparte.



Sara Donoso, Silvia García e Ana Abad de Larriva.



Ana Abad de Larriva.



Escanea o QR para escoitar o proxecto completo.



A través desta proposta mergullámonos nun escenario onde o acougo habítano os paxaros e os seus asubíos, a correntes da auga, a néboa, o negror da noite interrompido polo escintileo das estrelas, o gris, o amarelo e o malva das catro estacións. Pero tamén nunha

realidade que non oculta a súa dureza, a complexidade da súa orografía, os tránsitos, a emigración, o abandono, o traballo, as supersticións, os marcos... Son os contrastes os que significan o lugar e as persoas quen o empoderan: esas voces que foron, que son e serán.

*Voces: Suso Amboaxe, Silvia García e Oriente Gay.  
Agradecimentos: David Rodas, Xaime Toxo, Adré S, Loli Docampo,  
Labandeira, Sandra Vilaseco, Oriente Gay, Ana Riocabo, Suso Amboaxe,  
Pedro Núñez Álvarez, Juan Cabaleiro.*



*Escoitei a voz de Alemparte antes de coñecela, a través dos ecos que me chegaban dende alá lonxe, ao imaxinala.*

*Ceguei a Alemparte coa chuvia, nun ceo cinza de outono invernal. Nas idas e voltas da estrada recibíume un corvo, estendendo as súas ás negras sobre o manto pardo do chan. Alá abaixo, o val captaba a miña ollada. E así, sen case decatarme, entrei no seu abrazo.*

*Suso e Pedro viñeron a Alemparte para darlle unha nova vida á aldea, para seren a única luz interior acesa de Alemparte no inverno.*

*Oriente tece pontes entre diferentes tempos, abríndonos as portas da súa memoria. Lembra anos difíciles e marcados pola emigración, pero envoltos tamén nunha grande alegría e nunha gran cooperación entre a xente.*

*Anita, que marchou de Alemparte cando tiña 21 anos lembra tamén, a pesar da dureza do traballo, a ledicia. Para ela, medrar en Alemparte foi unha das épocas máis felices da súa vida, pola convivencia, pola unión entre a familia e a veciñanza. Ela lembra cada paso, cada marco; cada recuncho destes bosques, antes campos, que visita con morriña cada verán.*

*Os lugares gardan os ecos das voces e os corpos que os habitaron. Esas persoas que xa non están pero que nos deixaron a súa pegada, que forman parte de nós mesmo que non as coñecésemos directamente.*

*As nosas devanceiras, aquí, ou noutro lugar, alumeando a noite co lume da lareira, soterrando un amuleto no limiar da casa, escoitando a chamada dos corzos, igual que a escoita Silvia cando vén á súa casa. Silvia, que mercou parte do bosque para protexelo, e que soña con encher Alemparte de arte.*

*Alemparte, de ti cara ao alén parte algo: a túa memoria esquecida, aínda presente nas marcas das pedras das casas durmidas, agardando que alguén se volva acoller nelas.*

*Silvia e Sara imaxinan un novo Alemparte que tende a ponte entre o pasado e o futuro.*

*Ti como ves Alemparte? Como podemos idear un futuro para Alemparte cando os seus habitantes orixinais foron deixando a terra? Como o podemos construír? Como podemos recoñecer Alemparte pola vista, polo cheiro, polo tacto, polos sons? Toca algo. Deixa que os teus dedos*

*debuxen as formas e as texturas da materia. Agora mesmo vives, estás viva, estás vivo, en Alemparte, un lugar que conecta un camiño, o teu camiño, e o camiño de inverno. Que pode agromar de ti en Alemparte? Que podes facer ti para idear e construír un futuro para Alemparte?*

*Pode que tan só isto: tocalo, ulilo, velo, sentilo, recoñecelo; para que siga vivo e presente, e para que poida sentir que aínda seguirá en pé mentres haxa quen queira protexer os seus bosques e respirar cada día o seu aire.*

—Ana Abad de Larriva.



## 4. Biografías

---



### Ana Abad de Larriva

---

Ana Abad de Larriva é creadora escénica e intérprete, titulada superior en Arte Dramática, na especialidade de Interpretación Xestual, e doutora en Comunicación pola Universidade de Vigo, cunha tese sobre a construción da presenza escénica. Formouse tamén en danza butoh, danza oriental e danza contemporánea, así como en canto e piano, disciplinas que incorpora nos seus traballos. Nas súas creacións están presentes as artes do movemento (o teatro xestual e a danza), o universo feminino, a natureza, a poesía e a música, desde unha abordaxe performativa e plástica; cunha visión comprometida e, á vez, poética e inspiradora. Destaca tamén a súa conexión co escénico, moitas veces concibido desde lugares non convencionais, pero tamén multidisciplinar e moi artesanal, creando os espazos sonoros das pezas, as ilustracións que as acompañan e as fotografías e vídeos (algunhas veces en colaboración con David Rodas González).

Entre as súas últimas creacións teatrais estreadas, premiadas e/ou publicadas atópanse *A nunca vista*, gañadora do Premio Abrente de Textos Teatrais da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (2022); *Bailar no ceo*, proxecto gañador da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego de 2022; *Sobre o baleiro*, estreada nas *Escenas (con)textualizadas* do Festival Escenas do Cambio 2022 ou *A sombra das árbores*, que obtivo o premio Roberto Vidal Bolaño de Textos Teatrais e foi publicado en Editorial Galaxia (2019).



Fotografía de Andrea Rodríguez

## Sara Donoso

---

Sara Donoso é comisaria e xestora cultural. É doutora en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e conta con estudos de grao en Belas Artes na Facultade de Pontevedra e dous mestrados: Mestrado en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas e Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura, ambos da USC.

Desenvolve actividades de xestión, mediación e comisariado para institucións como a facultade de Belas Artes de Pontevedra, o CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela ou a Fundación DIDAC (Santiago de Compostela). Tamén ten colaborado con organismos como a Fundación Rac Arte Contemporánea (Pontevedra) ou a Fundación Artesanía de Galicia. Actualmente encárgase da programación expositiva da Sala Alterarte do Campus de Ourense (Universidade de Vigo) e entre as súas últimas exposicións destacan *Formas propias. Deseño para a innovación en Galicia* (co-comisariado con David Barro na Fundación DIDAC) e o proxecto *Unha mirada a Galicia. Colección CGAC*, tres mostras colectivas que revisan os vinte últimos anos da arte en Galicia a través da colección desta institución (2021-22). Como crítica, colaborou con medios como Transit, Fotocinema, Otros Cines Europa, Radio galega (CRTVG), Luzes ou Obradoiro de Artesanía. Entre as súas publicacións destacan a serie *En tránsito* (2020-21), *Miradas cruzadas* (2019) ou *Paisaxe e pintura no audiovisual galego contemporáneo* (2016). Foi recoñecida co Premio Talento Mozo na modalidade de Cultura e Creación, outorgado pola Xunta de Galicia (2020).



## Silvia García González

---

Doutora en Belas artes, dende 2002 é profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Durante 7 anos traballou no Centro Galego de Arte Contemporánea no departamento de actividades. Como comisaria levou a cabo en colaboración coa ONCE o *Proxecto táctil*, exposicións de pezas de arte contemporánea expostas para ser experimentadas polo tacto.

Participou en exposicións como *Eidos da imaxen* no MARCO de Vigo en 2014 e comisariou as exposicións *En tránsito* no Hospital Provincial de Pontevedra e *Dende as rúas da memoria, fotografías e espazos públicos* no Pazo da Cultura de Pontevedra. No Museo de Arte Contemporánea (MAC) de A Coruña participou na exposición *Relatos privados y Espacios públicos* e no Museo de Artes Decorativas de Madrid participou na exposición *Hacer, Diseñar, pensar*.

Levou a cabo as intervencións *A cidade dende dentro* na biblioteca da facultade de filosofía da USC e *A cidade dende fóra* na antiga escola Torrecino na parroquia de Cella en Bueu. Tamén levou a cabo o proxecto *Os silencios que comeu Alicia* na biblioteca do CGAC. Na actualidade traballa no proxecto de *Rastro material*, feito a partir de arquivos persoais, mostrado en 2019 no Pazo de Tor da Rede Museística da Deputación de Lugo e en 2020 no Claustro alto de Fonseca, da USC. En 2020 publicou o seu primeiro libro de poemas, titulado *Nenas medrando* coa editorial Chan da pólvora. En Alemparte, Líncora, inicia o proxecto de *Rastro material: aprender do lugar*.

# 5. Proposta de Mediación

---

*As aldeas, os lugares, as familias e o traballo.*

Esta actividade comezouse a realizar no marco do proxecto *Idear Alemparte*, mais ten a súa propia especificidade. Trátase dunha proposta de mediación en proceso realizada por Silvia García co alumnado do instituto IES Lamas das Quendas de Chantada, que ten como obxectivo recoller historias de vida que relacionen as memorias familiares co territorio, co traballo e coa emigración. O proxecto conta coa colaboración do profesor de xeografía e historia André S. Labandeira.

Nunha primeira fase, falou-se do proxecto e convidouse ao alumnado a facer entrevistas aos seus maiores sobre o modo en que se traballaba, como se chamaban as fincas, cales eran as festas que máis celebraban ou se viviron ou coñecen algunha historia familiar da emigración. A través das entrevistas e fotografías foise recuperando parte da memoria do lugar.

Tras a recollida da información, comezarase a debater as posibles composicións e combinacións de texto e imaxe, que se formalizarán finalmente nunha proposta de poster ou fanzine para que os rapaces amosen o resultado no centro e ás súas familias.



## Sobre a emigración

*Xacia Vázquez Suárez fala de como viviron a emigración na súa familia...*

Familia por parte da avoa: o seu pai emigrou a Venezuela antes de que ela nacera, e estivo alí durante dous anos pero non logrou adaptarse e tivo que volver a Galicia.

Familia por parte do avó: todos os seus tíos emigraron a Venezuela pola situación económica, con necesidade de mellorar, xa que eran moitos irmáns e a situación en Galicia era de pobreza debido á posguerra.

(...)

Os outros irmáns comezaron a traballar en hostelería e cando fixeron suficientes cartos volveron a Galicia. De volta na aldea, comezaron a abrir cafeterías e incluso un supermercado e unha inmobiliaria (...).



## David Cuñarro conta que...

A única persoa da miña familia que emigrou e está viva é a miña avoa. Ela di que a emigración é moi dura e máis se deixas irmáns ou fillos na túa terra. Ela emigrou a Venezuela cos seus pais tendo once anos (...)

## Diego Rodríguez Vázquez explica que...

Os meus bisavós Xosé Ánxel e Carmen tiñan tres vacas e dúas mulas, as fincas eran poucas e co tamaño dun minifundio. Por culpa da pobreza o meu bisavó tivo que emigrar para que a súa única filla estudase e poder comprar máis terras, ademais de para ser gandeiro, a súa meta. Para isto emigrou a Francia, cun contrato nos altos fornos, para posteriormente trasladarse a Alemaña, xa que alí pagaban máis.

A única persoa que emigrou e está viva é a miña avoa, ela di que a emigración é moi dura e máis se deixas irmáns ou fillos na túa terra, ela migrou a Venezuela cos seus pais e tiña 11 anos, a pesar disto ela coíbe a nenos. Migroun para poder ser máis caros e poder manter aos demais irmáns. Foi ela porque era a maior das irmás.

Texto de David Cuñarro

Xacia Vázquez Suárez  
FAMILIA POR PARTE DE ABUELO

Todos os seus tios emigraron a Venezuela por unha situación económica, con necesidade de mellorar, xa que eran moitos irmáns e a situación en Galicia era de pobreza debido a que estaban na posguerra. Había xente nesa época na que directamente non tiñan un soldo fixo, si non que traballaban simplemente polo feito de conseguir comida. Chegaban a un punto na que había familias enteiros que durmían nunha mesma habitación.

Todos os seus tios viaxaron en barco xa que en coche non se podía e os avións non existían, aínda que así tardábase un montón, por exemplo, un deles embarcou en Vigo e tardou un mes en chegar a Venezuela. Antes de emigrar todos eles traballaban de gandeiros e agricultores, (tiñan fincas e ganado) aínda que no seu tempo libre dedicábanse a tocar algún instrumento e podían conseguir algo de traballo para que os fines de semana...

Texto de Xacia Vázquez Suárez

## O traballo e o fogar

### *Thais Vázquez escribe sobre os medios de vida das súas avoas e avós...*

Os outros avós do meu pai eran Antonio e Hortensia, os pais da miña avoa Irene. (...) Comían carne, ovos e bebían leite todo o ano. Ao supermercado era moi raro que tiveran que ir.

Os avós da miña nai (por parte de pai) tamén traballaban no campo pero ao ter nove fillos tiveron que repartilos en dúas casas, era complicado atender case dúas propiedades ao mesmo tempo pero conseguiron saír adiante.

Os outros avós por parte de nai tiveron seis fillos e o pai da miña avoa tivo que emigrar un par de anos a Cuba, aquí quedaba a súa muller ao cargo do gando. Cando regresou puido mercar un coche e fixo de taxista uns cinco anos ata pasar a axudar nas labores da casa. Vendían leite e, coa axuda dalgún fillo, puxeron unha cantina cerca da casa e alí estiveron ata que se fixeron maiores.

### *Iban Pérez Ochondategui conta que...*

Vivían da agricultura e da gandaría. Tiñan unha casa, un establo e unha corte situadas nunha aldea. (...) Tiñan poucas vacas que lles daban leite polas mañás. As eiras eran grandes e con forma irregular, a máis grande chamábase A Seara. A casa que tiñan agora está abandonada e chamábase *A casa do rato*.

### *Vanessa González Jorge fala do traballo do seu avó e o seu bisavó...*

O meu bisavó materno tiña unha xugada (dúas vacas) ben mantidas e un carro, no que carreaba o viño da ribeira para a montaña, onde o vendía. Outras veces carreaba carros de toxos para enterralos na ribeira como abono.


O meu avó paterno foi carpinteiro, fixo o mostrador do antigo almacén O Román, en Chantada. Os seus comezos foron difíciles porque os dous primeiros anos, mentres aprendía o oficio, non tiña soldo. Para facer un peso levaba fachucos de leña desde San Pedro de Líncora ata Chantada, alí vendíallo á xente para que se quentara. Os días de feira (5 e 21 de cada mes) vendíallo ao polbeiro para cocer o polbo.

## Carla Reinoso escribe sobre os traballos relacionados co viño...


A zona da ribeira traballábase manualmente. Un dos traballos máis duros era enterrar os toxos para abonar a terra. Na ribeira tamén había outros traballos como a poda, a ata e a vendimia, máis levadeiros. Outro traballo tamén difícil era a carreta do viño, que consistía en levar ao lombo peles (pelexo dunha cabra cosido) cheas de viño ata casa.

## Diego Rodríguez Vázquez comenta que...

A casa da miña avoa era pequena, a cociña era de lareira e tiña un único cuarto onde durmían todos, na parte de abaixo estaban os animais. Tiñan tres vacas, galiñas e, nalgúns épocas, porcos, estes últimos ían vendelos á feira de Monterroso. A roupa facíana eles cun tear e liño ou la.



Texto de Thais Vázquez



Texto de Carla Reinoso

## Sobre as leiras


### *Iris Mazaira González fala das propiedades das súas avoas e avós...*

Baselisa e Santos tiñan leiras en Nogueira, empregábanas para viño e para colleitas de consumo propio.

José e Elsiva emigraron a Suiza e traballaban nun hotel.

Elia e José tiñan leiras en Vilauxe, cerca do río. Eran pequenas, algúns nomes son: A Suatorre, Os Piñeiros, O Muiño.

Rosario e Graciano tiñan viñedos en Pincelo. Eran grandes, algúns nomes son: A Seara, O Pasadoiro, O Regueiro, O Cruceiro.



Texto de Iris Mazaira González

### *Miguel Moure Pérez nomea as fincas da súa familia...*

Salgueiro, Borazal, Latiza, O Castro, O Seixo, A Canteira, A Bordura, A Leira, O Agro, Chouselas, A Compaciña, A Cubeliña, A Leira da torre, O Prado do campo, O Cheiriño, O Melgazo.

*“Achegarse a este lugar para  
reconstruir e reconstruírse,  
buscar unha nova maneira de  
habitar, un cuarto propio.”*

## IDEAR ALEMPARTE

—  
*Proxecto de investigación e mediación artística  
no rural. Intervención artística Escoitas de  
Alemparte por Ana Abad de Larriva*

**Comisaria**  
Sara Donoso

**Coordinación**  
Silvia García  
Asociación Líncora-Alemparte

**Mediación**  
Loli Docampo  
Silvia García  
André S. Labandeira  
Xaime Toxo

## CATÁLOGO

—  
**Textos**  
Ana Abad de Larriva  
Sara Donoso  
Silvia García González. Universidade de Vigo.

**Deseño e maquetación**  
Patricia Núñez

**Edita**  
Asociación Líncora-Alemparte

**ISBN**  
978-84-09-47507-0

Actividade realizada coa axuda do Ministerio  
de Cultura y Deporte.



